



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2021/22 |
|---------------------------|---|---------------------------|--------------------|-----------------|---------|
| Asignatura (*) | Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa | | Código | 652G03002 | |
| Titulación | | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 1º cuatrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 | |
| Idioma | Galego | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Pedagogía e Didáctica | | | | |
| Coordinación | Rodríguez Romero, María del Mar | Correo electrónico | mar.rromero@udc.es | | |
| Profesorado | Rodríguez Romero, María del Mar | Correo electrónico | mar.rromero@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | <p>A materia busca ofrecer recursos conceptuais, metodolóxicos e éticos para comprender diversas aproximacións metodolóxicas e analizar proxectos e experiencias específicas aplicadas no deseño e desenvolvemento de proxectos socioeducativos comprometidos coa democracia participativa e a autoxestión da vida cotiá no escenario da crise ecosocial e da pandemia</p> <p>A materia busca presentar o deseño e desenvolvemento de proxectos socioeducativos non como meros dispositivos técnicos senón como opcións epistemolóxicas e prácticas situadas que implican posicionamentos e compromisos políticos, sociais e pedagóxicos.</p> | | | | |



Plan de continxencia

1. Modificacións nos contidos

Non procede

2. Metodoloxías

*Metodoloxías docentes que se manteñen

? Análise de fontes documentais (computa na avaliación)

? Aprendizaxe colaborativa (computa na avaliación)

? Estudo de casos

? Traballos tutelados (computa na avaliación)

*Metodoloxías docentes que se modifican

- Análise de fontes documentais (Teams)

- Aprendizaxe colaborativa (Teams)

- Estudo de casos (Teams)

? Traballos tutelados (Teams)

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado

? Correo electrónico: Diariamente. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.

? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumando. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver o ?Aprendizaxe colaborativo?, a través das que se pon en práctica contidos teóricos da materia.

? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade as primeiras clases da materia.

De 1 a 2 sesións semanais (ou mais segundo o demande o alumando) en pequeno grupo (ate 8 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados? durante o resto das clases. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia.

4. Modificacións na avaliación

Análise de fontes documentais (50%) Traballos tutelados (50%): Valorarase:

? A adecuación metodolóxica das propostas de traballo.

A profundidade do contido.

O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas socioeducativas.

O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar.

A utilización de fontes documentais complementarias e actuais.

A presentación e a claridade da exposición.

*Observacións de avaliación:

Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que:

As referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesión que houbo presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial.

1. SITUACIÓNS:

A) Alumnado con dedicación completa: Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%:

a) Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (50% traballo tutelado,), Análise de fontes documentais, individualmente (50%).



B) Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/212): Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%: Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (50% traballo tutelado), Análise de fontes documentais, individualmente (50%).

2. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:

1. Asistir e participar regularmente nas actividades da clase.
2. Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación.
3. Entregar e expoñer as actividades de avaliación na data que se indique.
4. A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.



| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|--------------------------------------|----------------|----------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Analizar criticamente procesos, accións e proxectos socioeducativos identificando a súa perspectiva ética e/ou paradigma. | A2 A9 A10 A11 | B5 | C1 C4 |
| Familiarizarse coas metodoloxías participativas descubrindo as posibilidades que ofrecen para empoderar ás persoas e os grupos sociais e transformar a sociedade e o mundo. | A1 A9 A10 A11 A18 A19 | B2 B5 | C1 C4 |
| Vincular a acción socioeducativa e concretamente o deseño e desenvolvemento de proxectos socioeducativos coa extensión da democracia participativa, a xustiza social e os Dereitos Humanos | A1 A9 A10 A11 | B1 B2 B5 | C1 C4 |
| Aplicar habilidades de reflexión e traballo cooperativo á lectura, interpretación e discusión de fontes primarias de información (documentos impresos, electrónicos, audiovisuais, etc.) e tamén á análise de experiencias de educación social mediante a realización dun traballo de campo. | A6 A8 A9 A10 A11 A13 | B1 B2 B5 | C1 C3 C4 |
| Utilizar o galego a nivel escrito e oral coa calidade lingüística requirida. | | | C1 |
| Coñecer referentes profesionais no ámbito da inserción laboral que teñen o galego como lingua de traballo | A20 | | C4 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| NÚCLEO 1. Mapeando os proxectos de acción educativa sociocomunitaria no escenario do procomún | <p>1.1. O proxecto en educación social como construción educativa, sociocomunitaria e política.</p> <p>1.2. As bases do proxecto: democracia participativa e xustiza social, autoxestión da vida cotiá, dereitos humanos, dereitos das seres humanas, obxectivos de desenvolvemento sostible, obxectivos do bo vivir e sostenibilidade.</p> <p>1.3. Prácticas de innovación cidadá, creatividade social e micro utopías baseadas nos coidados.</p> <p>1.4. O proxecto desde diferentes perspectivas epistemolóxicas. A perspectiva adaptativo-conservadora, a perspectiva educativo-reformadora, a perspectiva crítico-transformadora. O interese técnico, o interese práctico e o interese emancipador. Os paradigmas positivista, interpretativo, crítico, postcrítico e desconstrutivista</p> |
| NÚCLEO 2. : Metodoloxías de participación comunitaria na sociedade dos coidados | <p>2.1. Metodoloxías participativas e Investigación Acción Participativa</p> <p>2.2. O ilusionismo social</p> <p>2.3. A fotovoz e as pedagogías feministas</p> <p>2.4. A cartografía social</p> <p>2.5. A metodoloxía Oásis</p> |



| | |
|--|---|
| NÚCLEO 3. Fases e elementos dos proxectos socioeducativos | <p>3.1. O estudo do contexto e a negociación inicial</p> <p>3.2. O traballo de campo, a devolución da información, o autodiagnóstico e a construción de acordos</p> <p>3.3. A planificación das accións</p> <p>3.4. O desenvolvemento das accións</p> <p>3.5. Avaliación do proceso e dos resultados</p> <p>3.6. Participación cidadá, grupos de traballo e estruturas organizativas e institucionais</p> <p>3.7. Ferramentas e técnicas relacionadas coa información, coa participación e coa construción de acordos</p> |
| Núcleo 4. Procesos participativos en marcha: orzamentos participativos e rede municipal de cidades, pobos, barrios, illas en transición, investigación acción participativa feminista, | <p>4.1. Porta Aberta (A Coruña)</p> <p>4.2. Decide Madrid</p> <p>4.3. Orzamentos participativos en Portugal</p> <p>4.4. Escenarios en transición</p> <p>4.5. Microutopias da vida cotia: grupos de apoio mutuo, aplana a curva, etc.</p> <p>4.6. Xustiza reproductiva, alfabetización menstrual crítica e IAP feminista</p> |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A9 A10 A11 B1 | 8 | 25 | 33 |
| Aprendizaxe colaborativa | A1 A2 A6 A9 A10 A11 A13 C1 | 5 | 20 | 25 |
| Estudo de casos | A1 A6 A8 A9 A10 A11 A18 A19 A20 B1 C3 C4 | 5 | 25 | 30 |
| Discusión dirixida | A2 A9 A10 A11 A13 A20 B1 B5 C1 C4 | 12 | 12 | 24 |
| Traballos tutelados | A9 A10 A11 A13 A20 B1 B2 B5 C1 C4 | 12 | 24 | 36 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Análise de fontes documentais | Presentación comprensiva de documentos multitextuais e análise e reflexión sobre o seu contido en relación con procesos participativos e propostas, perspectivas, experiencias e proxectos estudados. |
| Aprendizaxe colaborativa | Traballo en equipos, presencial ou on line, para contrastar puntos de vista sobre a información extraída dos documentos, realización de resumos analíticos e aplicación a estudos de caso e resolución de problemas. |
| Estudo de casos | <p>Selección de casos (experiencias, proxectos, etc) para analizar e reflexionar sobre a súa vinculación cos contidos da materia.</p> <p>Presentación de casos e/ou experiencias participativas na Galicia formando parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social". Con unha finalidade dupla:</p> <p>Visibilizar referentes profesionais que utilizan o galego como lingua de traballo.</p> <p>Achegar praxes profesionais vencelladas á participación de diferentes colectivos na Galicia</p> |
| Discusión dirixida | Posta en común do traballo de análise e reflexión realizado polos equipos sobre os documentos multitextuais e os casos estudados formulando argumentos con diferentes perspectivas tendo en conta a diversas propostas estudadas na materia. |



| | |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Traballo en equipo que implica a realización de traballo de campo en escenarios socioeducativos, aplicando a metodoloxía de estudo de caso ou a análise de documentos multitextuais e a recollida de datos mediante medios dixitais. Esixe asistencia obrigatoria ás titorías planificadas para guiar o proceso. |
|---------------------|--|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Supervisión nas clases interactivas e nas titorías do traballo en grupo que implica a realización dun estudo de caso. A estrutura e as condicións de realización entregaranse a comezo de curso. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-------------------------------|--------------------------------------|--|---------------|
| Traballos tutelados | A9 A10 A11 A13 A20 B1 B2 B5 C1 C4 | Traballo en equipo: análise de estudos de caso, realización de microinvestigación con traballo de campo. Por exemplo, Fotovoz. Criterios de cualificación do análise dos estudos de caso: - Informe: adecuación aos requisitos de estrutura e contido, e elaboración da información. - Apéndices: organización e análise de datos (fotos, resúmos, etc.). - Traballo de campo (cantidade e pertinencia da recollida de datos, número de compoñentes do equipo, complexidade/diversidade dos datos). | 45 |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A9 A10 A11 B1 | Proba mixta que permite examinar ideas procedentes das fontes documentais, establecer conexións entre contidos, dar razóns e argumentar e deseñar unha acción socioeducativa a partir dun caso. Criterios de avaliación: - Definición de conceptos: mencionando/recoñecendo aspectos claves. - Explicación de conceptos: presentación razonada das características ou implicacións relacionadas cos conceptos ou identificación de explicacións axeitadas - Relación fundamentada entre contidos de propostas ou proxectos diferentes ofrecendo/recoñecendo información sobre as razóns dos vínculos. - Acción socioeducativa coherente co caso e con as decisións metodolóxicas. | 45 |
| Aprendizaxe colaborativa | A1 A2 A6 A9 A10 A11 A13 C1 | Cartafol do grupo (10%) Criterios de avaliación do cartafol: - análise da información - presentación da información - número de tarefas de clase incluídas | 10 |

Observacións avaliación



Cualificación final

Tanto o exame como o traballo colaborativo teñen que ser avaliados con nota mínima de 5 para poder considerarse aptos. Cando algunha das actividades de avaliación non acadade a cualificación de aprobado e a suma dos porcentaxes sexa de 5 o superior a 5 a cualificación que figurará nas actas será a obtida na actividade suspensa.

Integridade académica:

Os contidos incluídos nos traballos deben estar apropiadamente referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as normas APA 6ª edición. O texto literal debe declararse usando as normas APA 6ª edición. No parafraseo deben figurar as fontes orixine das ideas que se reelaboran. A presenza de fontes no traballo é un signo de credibilidade que é requisito imprescindible para demostrar excelencia académica.

Recoméndase consultar:

www.suagm.edu/umet/biblioteca/pdf/GuiaRevMarzo2012APA6taEd.pdf

http://www.ugr.es/~plagio_hum/0401Prevencion.htm

Política antiplaxio:

As citas e referencias a calquera tipo de texto deben declararse. O uso de texto literal ou ideas de outros autores ou autoras parafraseadas sen declarar a fonte supón o suspenso do traballo en aplicación do artigo 14.4 da normativa académica de avaliacións, cualificacións e reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013, na que se indica que "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade".

Debe consultarse:

http://www.ugr.es/~plagio_hum/

<http://blogbibliotecas.mecd.gob.es/2015/01/22/plagio-academico>

Prazo de Admisión de propostas para o traballo tutelado:

Non serán admitidas propostas para o traballo tutelado unha vez rematado o prazo de admisión fixado na documentación complementaria que será entregarán na clase.

Composición dos grupos e traballo:

Nas tarefas en grupo, incluído o traballo tutelado, a avaliación de cada membro variará en función da asistencia a clase, as sesións obrigatorias de seguimento e en función da implicación no proceso. Ao longo da realización do traballo e nas diversas convocatorias de avaliación ponde darse variacións na composición dos grupos e no número de compoñentes se, a criterio da profesora, así se asegura a elaboración apropiada do mesmo.

Asistencia:

Cunha asistencia inferior o 80% das clases presenciais non contará a nota da aprendizaxe colaborativa.

É obrigatoria a asistencia do alumnado ao 80% das sesións.

Se realiza o exame sen superar o requisito de asistencia, a cualificación final del alumnado será de 50% para o exame e 50% para o traballo tutelado.

Nestos casos o alumnado ten que falar co profesorado sobre as condicións de realización do traballo.

Dispensa académica de exención de asistencia:

Aqueles e aquelas estudantes con dispensa académica de exención de asistencia serán avaliados a través de traballo e exame individual, igual que aqueles que non cumpran a asistencia do 80% das clases. A nota final será de 50% para o exame e 50% para o traballo tutelado. Será necesario unha nota igual ou superior a 5 sobre 10 para aprobar a materia. Nestos casos o alumnado ten que falar coa profesorado sobre as condicións de realización do traballo.

Condición de NON PRESENTADO

A condición de NON PRESENTADO só será acadada cando non realice ningunha das actividades de avaliación, é dicir nin o dossier, nin a proba de exame nin o traballo tutelado. A realización dalgunha das actividades de avaliación obriga recibir a correspondente cualificación.

Linguaxe non discriminatoria:

É obrigatorio o uso dunha linguaxe correto, respectuoso e inclusivo, evitando termos discriminatorios relativos a xénero, a etnia, a procedencia social,

a diversidade funcional, a orientación sexual, etc. O non cumprimento deste requisito acarreará consecuencias negativas na nota de ata un punto menos.

Transversalidade de xénero e interculturalidade:

É obrigatorio a consideración de cuestións inclusivas en materia de xénero e interculturalidade e decolonialismo. O non cumprimento deste requisito acarreará consecuencias negativas na nota de ata un punto menos.

Segunda convocatoria

Seguirase os criterios definidos para a primeira convocatoria.



Fontes de información

| | |
|---|--|
| <p>Bibliografía básica</p> | <ul style="list-style-type: none"> - ALBERICH, Tomás. et al. (2010). Metodoloxías Participativas. Manual. http://www.redcimas.org/archivos/libros/manual_2010.pd - Encinas, Javier et al (2010). Ilusionismo social. Investigación participativa y culturas populares. http://ilusionismosocial.org/ - Villasante, Tomás R. (2006). Desbordes creativos. Estilos y estrategias para la transformación social.. Madrid: La Catarata - García Barón, Catalina (2005). La cartografía social en la práctica. http://www.quartiersdumonde.org/uploads/documento/archivo/25/Documento_de_sistematizaci_n_de_la_util - ENDA América Latina - Colombia (2003). La cartografía social como recurso metodolóxico para el proxecto barrios del mundo. http://territorioyculturapuj.files.wordpress.com/2010/07/la-cartografia-social-como-recurso-metodolo - Encina, J. y Ávila, María Ángeles (2014). El desempoderamiento. Vivendo la construción de un nuevo mundo sin poder. Sevilla: Edita UNILCO-espacio nómada - Max-Neef, Manfred (1998). El desarrollo a escala humana. Conceptos, aplicacións e algunhas reflexións. Barcelona: Icaria - Red Cimas (2015). Metodoloxías Participativas. http://www.book2look.com/book/wAaFoznPtl - Encina, Javier y Ezeiza, Ainoa (2017). Sin poder. VolapuK - Hernández, M^a Dolores; Martín, Pedro y Tomás R. Villasante (2003). Estilos y coherencias entre las metodoloxías creativas. Metodoloxías e presupostos participativos - Lather, Patti (2006). Paradigm proliferation as a good thing to think with: teaching research in education as a wild profusion. International Journal of Qualitative Studies in Education - Andreotti, Vanessa et al. (2019). Da casa construída pela modernidade o micelio saudábel. Sinergias ? diálogos educativos para a transformación social - Andreotti, Vanessa et al. (2015). Mapping interpretations of decolonization in the context of higher education. Decolonization: Indigeneity, Education & Society - Soliz, Fernanda y Maldonado, Adolfo (2012). Guía de metodoloxías comunitarias participativas Guía No. 5 . Clínica Ambiental - Sanz Vega, Carlos Miguel; Noriega Pérez, Alba; Noguero del Cid, Carmen y Serra Lorenzo, Rubén (2018). Manejo de la técnica Fotovoz como herramienta comunitaria. RqR - Escalante Ruiz, María Gracia (2015). Photovoice: voces sin sonido. Servicios Sociales y Política Social - Instituto ELOS (s/d). Metodología Elos Manual de Bolso . - Fernández Ramos, Javier y Piñeiro García de León, Concepción (2015). Metodología OASIS: vivir el cambio que queremos ver en el mundo EREMOS VER EN EL MUNDO. REVISTA INTERNACIONAL sobre INVESTIGACIÓN en EDUCACIÓN GLOBAL y para el DESARROLLO Basaigotí, Manuel; Bru, Paloma y Lorenzada, Concha (2001): IAP (Investigación-acción participativa) ?de bolsillo?. Madrid: ACSUR-Las Segovias. Lorenzana, Concha (ed.) (2002): Tomamos la palabra. Experiencias de ciudadanía participativa. Barcelona: Icaria/AC SUR-Las Segovias. Bibliografía xeral Ander Egg, E. (1988). Formulación de Proyectos de Acción Social. Buenos Aires: Humanitas Ander Egg, E. (1990). Repensando la investigación-acción participativa. Comentarios, Críticas y sugerencias. Vitoria-Gasteiz: Servicio de Publicaciones, Gobierno Vasco. Ander Egg, E. (1997). Cómo elaborar un proxecto. (15ª ed.). Albacete: Editorial. Instituto de Ciencias Sociales Aplicadas. Ander Egg, E. y Aguilar, María José (2005). Guía para diseñar proxectos sociales e culturais. Buenos Aires: Lumen / Humanitas. Feliz, T. (2010). Diseño de Programas de Educación Social. Madrid: McGraw Hill. Herrero García, G. Y Ramírez Navarro, J.M. (2006). Manual práctico para elaborar Proyectos sociales. Madrid: Siglo XXI Parcerisa, A., Ginés, N. Y Forés, A. (Coord.).(2010). La Educación social: una mirada didáctica. Barcelona: Graó |
| <p>Bibliografía complementaria</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Welp, Yanina (2018). Todo lo que necesitas saber sobre las democracias del siglo XXI. Buenos Aires: Paidós - Fdez. Casadevante, José Luis; Morán, Nerea y Prats, Fernando (2018). Ciudades en movimiento. Avances y contradicciones en las políticas municipalistas desde la óptica de las transiciones ecosociales. FUHEM - (). . |



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Teoría da educación/652G03001

Materias que continúan o temario

Observacións

Facer un uso sostible dos recursos e da prevención de impactos negativos sobre o medio natural no relativo a realización dos traballos da materia. Ter en conta os principios éticos relacionados coa sustentabilidade nos comportamentos personais e profesionais. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores e autoras, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas, analízase os textos tendo en conta estereotipos e nesgos). Será obrigatorio a utilización dunha linguaxe inclusivo e do tratamento da perspectiva de xénero nos traballos da materia. De non ter sido considerados podería penalizarse a nota final con un punto menos por cada aspecto. Traballárase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e propóranse accións e medidas para corrixilas. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades o acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. A integridade académica terá que estar presente nos traballos realizados no senso de referenciar axeitadamente as fontes orixinais e usar os modos de citación axeitados para honrar as autoras e autores das ideas utilizados nos mesmos. Non cumprir con este requisito carrexará consecuencias negativas na calificación final en función do alcance da falta cometida.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías